

30-07-2012

Boletín do estado actual do mildiu no Salnés

Risco a curto prazo (esta mesma semana)

A mediados desta semana, concretamente entre o martes e o mércores, rexistrárase un incremento da humidade nocturna que aumentará o risco de infección secundaria por mildiu. Aínda así, a presión do mildiu segue a ser baixa, polo que tan só semella preciso administrar o tratamento nos casos nos que aparezan síntomas de mildiu nas parcelas que, de todos modos, deberían ser puntuais.

Risco a medio prazo (semana próxima)

Durante a vindeira semana non se esperan precipitacións pero si se poderían rexistrar niveis de humidade nocturna elevados. Ademais, as temperaturas manteranse mornas en rangos axeitados para o desenvolvemento do mildiu, así que cómpre visitar as parcelas tras os días de máis risco, pódese facer uso do semáforo de risco que hai na plataforma. Con todo, consideramos que o nivel de presión do mildiu seguirá a ser baixo durante a semana que vén polo que os síntomas non deberían ser graves, a non ser que se deixen sen controlar durante certo tempo.

Estratexia xeral recomendada

A curto prazo recomendamos visitar as parcelas entre o mércores e o xoves desta semana e aplicar os tratamentos se existen síntomas de mildiu. Esta visita é especialmente importante para os viticultores que non trataron recentemente, pero é recomendable para todos. Por iso, aínda que os viticultores que trataron hai pouco tempo deberían estar cubertos durante esta semana sería aconsellable seguir esta advertencia.

Ós que non se achegaron ás súas parcelas na derradeira semana suxerímoslles, ademais do anterior, que fagan unha visita canto antes para comprobar se teñen síntomas sen tratar polas condicións de esporulación rexistradas durante a semana pasada, as cales só deberían reflectirse en síntomas illados sen grande importancia.

De cara á semana próxima mantemos o aviso de examinar as parcelas despois dos días favorables á esporulación (os que no semáforo de risco se amosan en vermello) e tratar se vemos síntomas de mildiu.

Coma sempre, á hora de renovar tratamentos os viticultores que teñan problemas con infeccións anteriores deberán pedirilles consello ós técnicos sobre a materia ou materias activas que se van empregar. En todo caso, teñan ou non problemas para controlar as infeccións, deben cambiar de familia de materia activa polo menos cada tres aplicacións para previr resistencias.

Días recomendados para aplicar os seguintes tratamentos

O mércores desta semana seguramente se rexistren precipitacións febles especialmente durante a tarde. Non entanto, os diferentes servizos de predición meteorolóxica diverxen na cantidade de auga que caerá, o cal pode influír no inicio



ou non de novos ciclos de infección primaria (dos que en todo caso informaríamos puntualmente). Tamén é posible que se rexistren precipitacións moi febles na tarde do xoves, polo que se deberá ter en conta esta posibilidade.

Os restantes días desta semana serán, *a priori*, favorables para a renovación de tratamentos, aínda que o carácter feble das precipitacións fai que en caso de necesidade se poida tratar calquera día, salvo quizais a tarde do mércores.

Un cordial saúdo,
Plataforma SICOM do proxecto Viñas Atlánticas

